

Anexo 1. Concursos, feiras e outras convocatorias

2016/17:

- Participamos en Wisibilízalas, unha convocatoria do Departamento ETIC da Universidade Pompeu Fabra, con alumando de primeiro de bacharelato de TIC I e cuarto da ESO de EPVA. A páxina web *Mulleres TIC* acadou o terceiro posto, febreiro de 2017.
- Participamos no premio de innovación educativa Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D, convocado pola CCE e OU co proxecto IVI (interpretación virtual interactiva), desenvolvido por alumnado de Tecnoloxía Industrial e Debuxo Técnico, co que acadamos o primeiro premio do Desafío Programación da categoría sénior.
- Participamos en Galicia 2016 co proxecto Autómatas con capacidade de aprendizaxe, representado por dous alumnos de segundo de bacharelato.
- Participamos en Na busca do talento dixital con tres proxectos: un de primeiro de bacharelato (HinkB3R) e dous proxectos de segundo de bacharelato (Plataforma de deseño arquitectónico e Read for Speed, que obtivo o primeiro premio da modalidade Mozo).
- Participamos na III Competición de Robots da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo. Participaron cinco equipos, tres de cuarto da ESO e dous de primeiro de bacharelato e acadaron os seguintes resultados: primeiro, segundo e cuarto posto na categoría WALL-E de cuarto da ESO, abril de 2017.
- Participamos en Sensores para todos 2017 convocado por Igaciencia. Participación no certame co proxecto Interpretación virtual interactiva e premio compartido por este, maio de 2017.
- Participamos en deseño de aplicacións informáticas coa ferramenta Scratch do CPEIG, baixo o lema «Convivir en igualdade», no que dous equipos foron finalistas, maio de 2017.
- Participamos en Desafío STEM da Fundación Telefónica. Participación cos proxectos Interpretación virtual interactiva e Sumotech, xuño de 2017.
- Participamos en Ciencia na rúa cos proxectos Deseño e modificación de robots e Interpretación virtual interactiva.
- Desenvolvemos uns obradoiros STEAM no centro entre alumnado de diferentes niveis sobre robótica, impresión 3D e Makey- makey.
- Colaboramos coas IX Xornadas Didácticas da Asociación Galega de

Ensinantes de Debuxo e Artes Plásticas, sobre modelaxe e impresión 3D. Participación activa do alumnado de primeiro de bacharelato como relatores de contido.

- Acadamos un accésit nos Premios Proxecta de Innovación Educativa 2017.

2015/16:

- Participamos no Scratch Day. CPETIG
- Acadamos o primeiro premio na categoría de secundaria en Deseño de aplicacións informáticas coa ferramenta Scratch do CPETIG.
- Participamos no Desafío STEM I da Fundación Telefónica e o equipo Brion5 acadou o segundo premio na categoría Industria Local.
- Participamos na competición escolar de robótica da OSHWDem 2015 e acadamos os postos primeiro, segundo e terceiro na categoría Renacuajo e o segundo posto na clasificación xeral.
- Participamos na competición escolar de robótica da OSHWDem 2016 e acadamos os postos terceiro e cuarto na categoría Renacuajo.
- Participamos na II Competición de Robots da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo e acadamos o terceiro posto na categoría WALL-E.
- Participamos no concurso Sensores para Todos de Igaciencia e acadamos o primeiro premio e unha mención especial.

2014/15:

- Participamos en Sensores para Todos convocado por Igaciencia e acadamos unha mención especial (Scratch para Arduino, S4A)
- Participamos no I Concurso de Robótica da EEI de Vigo e acadamos os postos sexto e sétimo.
- Participamos no VII Obradoiro-Concurso de Robótica con LEGO, organizado por Igaciencia e a Fundación Barrié.